

Nós, non somos responsables da crise

As traballadoras e os traballadores, os sectores sociais máis desfavorecidos... non fomos os causantes da crise e, porén, imos pagala.

O actual modelo económico, rexido por criterios neoliberais tanto no financeiro como no social, de capitalismo especulativo, inxusto e insolidario, levounos a esta situación que no caso do Estado Español é máis grave pola deslocalización e a desinversión nos sectores produtivos tradicionais. O desenvolvemento especulativo da construción e o turismo insostibles do "pan para hoxe e fame para mañá".

A crise do sistema capitalista ameaza as conquistas da cidadanía e da clase obreira de xeito especial, que non recibiu ningún beneficio no seus períodos de fartura económica, pero que agora sufrirá as consecuencias: paro, peche de empresas, recorte de servizos públicos...

A pesares de tratarse dunha crise global dun sistema que fracasa, e veña ou non a conto **as mesmas voces de sempre, reclaman a solución de sempre: maior flexibilidade no mercado laboral.** É dicir, poder despedir as traballadoras e os traballadores sen custo para as empresas e de paso arrastrar na caída as prestacións sociais: pensións, lei de dependencia...

Pero hai máis. Todos os gobernos, dá igual a cor, anuncian como inevitables as medidas de apoio aos axentes económicos – banca, axencias de seguros, xestores de fondos de inversión...- que foron os que levaron á quebra o sistema económico capitalista mundial. **Eles mesmos declararon reiteradamente todos estes anos, e moitos o seguen a facelo, beneficios multimillonarios para repartir altísimos dividendos e acumular fortunas persoais inimaxinables.** Nada de asumir responsabilidades.

Ante esta situación, **desde o STEG reclamamos a mellora dos servizos públicos:** educación, sanidade, benestar social... que son o garante para evitar as desigualdades sociais e para favorecer a cohesión social. Ademais, queremos que sexan de titularidade pública, **sen privatizacións, externalizacións ou mecanismos de xestión privada que só garanten o beneficio empresarial.**

No caso concreto do ensino, agardamos que a crise non serva de excusa para tomar medidas tales como: escasa oferta de emprego público, recorte de profesorado nun momento en que o nº de alumnado está a aumentar, pechar as escolas do rural, seguir pospoñendo indefinidamente a redución das ratios..., que sen dúbida repercutirían negativamente na aposta por un ensino público de calidade.

Non ao masacre Galiza con Palestina Por unha paz xusta, digna e duradeira

O chamado conflito palestino non é novo. Son xa moitos anos de violencia, de ocupación ilegal dos territorios, de morte, de sufrimento e de destrución.

Neste momento, logo da brutal ofensiva de hai unhas semanas contra a poboación de Gaza, cómpre que asumamos o evidente: o Estado de Israel nunca tivo intención algunha de aceptar un estado palestino a carón das súas fronteiras.

"Cómpre parar o masacre: son xa moitos anos de violencia sobre o pobo palestino"

Logo de sesenta anos de historia de violencia sionista e de aniquilación cultural e opresión socioeconómica, insinuar que a actual acción militar é unha resposta ao terrorismo de Hamas, non é máis que unha excusa coa que reducir a nosa espontánea capacidade de indignación perante o masacre e, dese xeito, evitar recoñecer o obxectivo real desta acción militar: reconstruír o Grande Israel expulsando aos palestinos da súa terra, que constitúe a cerna do sionismo. Agora ben, se Hamas é a excusa, cal é a razón do masacre?

"Cómpre promover políticas activas de solidariedade a prol de Palestina"

Resulta obvio que os intereses do goberno do Estado de Israel sobre o territorio palestino variaron ao longo dos últimos 60 anos; de feito, na actualidade xa non ten interese ningún na explotación da man de obra árabe. Hoxe os seus intereses son outros, fundamentalmente

tres: primeiro, o control das taxas aduaneiras que xeran os bens que en concepto de axuda humanitaria chegan a Gaza, o que achega unha gran cantidade de divisas retidas no Banco Central de Israel; segundo, manter o nivel de beneficios da industria militar e de seguridade israelí, que nestes momentos achega máis do 20 % do PIB; terceira, o control do gas natural descuberto no litoral de Gaza; casualmente, da segunda razón deriva unha cuarta, relacionada coa primeira: a reconstrución de Gaza implicará unha maior axuda internacional, que achegará máis beneficios ao Estado de Israel. Ademais, non debemos esquecer outras dúas razóns colaterais: Israel busca reactivar a política de construción de asentamentos e a ministra de Asuntos Exteriores e o ministro de Defensa están en campaña electoral.

**"Cal é a razón do masacre?
Hamas, só é unha excusa"**

E nós, que razóns temos para apoiar a Israel? Basta xa de complicidade silenciosa. Perante esta barbarie xenocida cómpre esixir responsabilidades penais ao goberno do Estado de Israel e aos responsables a ás responsables civís e militares do masacre do pobo palestino, promover políticas activas de solidariedade a prol de Palestina, esixir o respecto escrupuloso das resolucións das Nacións Unidas e impor sancións económicas e restrinxir as relacións comerciais e doutro tipo (musicais, deportivas...) mentres perdure a situación de apartheid no que vive o pobo palestino nos territorios ocupados.



A avaliación do desempeño docente ... ou como construír un mercado educativo

Os cambios das políticas educativas europeas, consecuencias e actuacións pax. 2-3

CONCURSO DE TRASLADOS As seccións bilingües e o galego pax. 3

Mobilizacións contra os concertos que segregan por razón de sexo pax. 4

Retirada da simboloxía relixiosa dos centros pax.4

Retribucións 2009 pax.4

A AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO DOCENTE ...

OU COMO CONSTRUIR UN MERCADO EDUCATIVO

Desde a Unión Europea estanse a deseñar políticas educativas para o século XXI que respondan ás necesidades da chamada "sociedade do coñecemento". Estas políticas parten das dúas premisas nucleares da ideoloxía neoliberal na educación que están a permear todos os ámbitos da nosa sociedade.

A primeira destas premisas reflicte **unha concepción da educación non como un dereito das persoas, senón como unha necesidade do mercado**, xa que entenden que o sistema educativo ten como obxectivo formar a persoas traballadoras para que respondan, ás necesidades das empresas. Non se trata de formar persoas críticas con coñecementos e capacidade de análise da sociedade na que viven, para transformala nunha mellor, senón de persoas con "competencias básicas" que as convertan en traballadoras e traballadores competitivos.

Desde a segunda premisa **-o afán privatizador que permita un recorte de gasto público e xere beneficios**

ás empresas-, considérase que o aparato escolar en Europa está sobredimensionado, é caro de manter, e que o modelo de organización laboral do profesorado dificulta a reforma do sistema. **Así, a educación, considerada como obxectivo estratéxico, debe reformarse radicalmente**, introducindo medidas de xestión empresarial que permitan aos estados a redución progresiva do seu financiamento, os centros deben competir entre eles para mellorar a calidade educativa entendida nos termos definidos polo mercado, e debe potenciarse a xerarquización do profesorado para favorecer a súa submisión ante a introdución destas medidas. E dentro do estado español, debemos converxer nas cifras que miden o fracaso escolar con Europa, non pola vía de aumentar os recursos educativos ou a formación do profesorado, senón mediante a penalización dos suspensos.

Neste contexto é no que debemos interpretar as medidas que se están a introducir non só en moitos países da UE, senón noutros territorios do estado,

pioneiros no que sen dúbida é unha estratexia estatal agochada baixo a descentralización, co obxectivo de dificultar a reacción unánime do profesorado ante as mesmas. **Desde o STEG, temémonos que máis cedo que tarde comezaremos a ver movementos nesta dirección tamén en Galiza**, polo que consideramos fundamental difundir o que está a pasar noutras comunidades para alertar ao profesorado ante as "bondades" da avaliación do desempeño docente, medida estrela coa que fomenta a xerarquización e a competitividade nos centros educativos. Sirva de reflexión o feito de que alí onde se está a implementar, é unha avaliación cuantitativa e non cualitativa, realizada en moitas ocasións mediante auditorías externas, baseada nos resultados do alumnado, independentemente do contexto educativo do mesmo, e que se emprega para establecer competicións entre centros ao servizo da chamada liberdade de escollo das familias. E coa mensaxe nada disimulada de que é o profesorado o principal responsable do fracaso escolar do seu alumnado.

Isto está a pasar

En Asturias

No ano 2007, nesta comunidade preséntase a carreira profesional para todo o funcionariado público, incluído o docente. Mediante unha resolución da consellaría, o profesorado que o desexou, a título individual, asumiu a súa adscrición a unha carreira docente da que descoñecía o seu contido, a cambio de 2500 euros anuais en secundaria e 1600 euros en primaria, e co compromiso de devolver o cobrado de seren avaliados negativamente.

Aínda que nun principio argumentouse que era para premiar "aos que traballan", a comezos deste curso desde o Goberno remíttuse aos centros educativos e ao profesorado os obxectivos que teñen que cumprir neste primeiro ano de implantación.

Entre os obxectivos obrigatorios, esixe que os centros aumenten a súa taxa de aprobados, como mínimo, nun 1% e que en Secundaria se realicen reunións individuais co 70% dos pais, cun rexistro no que quede constancia das entrevistas. O cumprimento destes obxectivos está ligado á avaliación da carreira profesional, e polo tanto, da nómina.

Noutras comunidades

En Aragón e Castela A Mancha as propostas de avaliación do desempeño estanse a elaborar, vencellando o resultado da mesma a puntos para o concurso de traslados, para cambio de corpo...

En Portugal

Coa introducción da Avaliação do Desempenho preténdese dividir aos docentes en dúas categorías: "titulares" e "profesorado", tendo en conta o currículo dos últimos 7 anos.

Os "titulares" exercerían as xefaturas de departamento, impartirían menos docencia e realizarían a avaliación do "profesorado".

Para realizar "axitadamente" esta avaliación, os "titulares" reciben un curso de tres días, e iso que estas avaliacións, realizadas cada dous anos, teñen como consecuencia, no caso de recibírense dúas avaliacións negativas, a expulsión do ensino (e si, estamos a falar de profesorado definitivo).

As mobilizacións que se están a vivir en Portugal ao redor deste tema, son consideradas as máis importantes ocorridas desde o 25 de Abril...

En Andalucía

O denominado "Programa de Calidad y de Mejora de los Rendimientos Escolares en los centros docentes públicos" non busca outra cousa máis que diminuír artificialmente o nivel de fracaso escolar existente nesta comunidade, que é a que menor gasto público destina ao alumnado de centros públicos de todo o Estado.

O resumo deste programa de incentivos, amplamente contestado por toda a comunidade educativa, resúmese en "aprobar máis ou cobrar menos", facendo recaer toda a responsabilidade do fracaso escolar sobre o profesorado, presupoñendo a súa falta de compromiso e profesionalidade e a necesidade de abonarlle un complemento de produtividade a cambio de que mellore a calidade do seu traballo docente.

Introduce ademais unha clara discriminación entre o alumnado dos centros "de calidade", que se acollen ao programa, e os que non. Tamén está a crear serias divisións entre o profesorado, mermando a capacidade de traballo en equipo nos Claustros.

En Catalunya

A LEC, Lei de Educación Catalá, é o paradigma do intento de aplicación de medidas neoliberais ao ensino.

Só o paro do 80% do profesorado, e 70000 manifestantes, conseguiron a retirada do borrador da medida que permitía que "os centros públicos poderían pasar a ser xestionados por entidades privadas".

Aínda así, é unha lei que supón un avance privatizador en todos os seus ámbitos, e unha imposición da xestión empresarial no ensino público.

Baixo a denominada "autonomía financeira", ábrese a porta ás doazóns e á esponsorización dos centros a cambio de publicidade, nun "buscarse a vida" para obter recursos económicos.

A avaliación do desempeño docente, vencellada aos grados que se introducen con esta lei, son realizadas polas direccións, que pasan a ter un réxime xurídico propio, polo que son considerados autoridades públicas e disfrutan da presunción de veracidade nos seus informes.

En Italia

A reforma presentada por Berlusconi está a mobilizar a millóns de persoas nas rúas, xa que ten como obxectivo despedir a 200.000 traballadoras e traballadores do ensino, eliminando ao profesorado especialista e todas as actividades que se daban no horario de tarde nos centros educativos.

Para entender esta reforma e o seu impacto social, hai que coñecer o sistema italiano en Primaria, onde cada grupo aula ten a dous docentes asignados que se reparten cordinadamente as 40 horas de permanencia que ten o alumnado nos centros, nas que realizan numerosas actividades "extracolexiais".

O goberno de Berlusconi pretende reducir a 24 as horas de permanencia do alumnado, para ter que pagar a un único docente por grupo, aínda a costa de crear un auténtico caos para as familias e obviar un necesario debate sobre o sistema educativo.



Consecuencias previsibles destas medidas

- **Deterioro das relacións entre o profesorado**, debida á perda de estatus e de autoestima entre os profesionais avaliados negativamente.
- **Perda de autonomía docente**: a introdución de probas externas para avaliar ao alumnado, converterá a tarefa do profesorado nun entrenamento do alumnado para que podan superalas con éxito.
- **Enfrontamentos nos departamentos** para impartir docencia nos "grupos bos", que obterán mellores

resultados nas probas e determinarán unha mellor remuneración dos seus docentes.

- **Reforzamento dun sistema de dirección piramidal**, xerarquizado e vencellado á obtención de resultados, sendo en moitas ocasións parte implicada na avaliación do desempeño do resto do profesorado do centro.
- **Desaparición do traballo en equipo e interdisciplinar**.

- **Aumento das desigualdades educativas**, xa que os centros con mellores resultados poderán seleccionar ao seu alumnado, ao teren maior demanda, garantindo así os bos resultados nas probas de avaliación, creando unha situación circular ao servizo do mantemento do prestixio do centro.
- **Redución da actividade docente a indicadores** de desempeño estandarizados, principalmente habilidades técnicas ou competencias doadas de medir.

Pero aínda se pode parar...

A pesares da gravidade do aquí exposto, o certo é que a implementación destas medidas estase atopando con maior ou menor resistencia segundo o contexto do que se trate, e aínda é posible deter esta tendencia.

Para iso é fundamental salientar que ao igual que fracasaron as políticas neoliberais en ámbitos financeiros, fracasaron na educación en países abandeirados das mesmas desde hai décadas, como son os de ámbito saxón.

Desde o STEG desexamos promover un debate sobre a avaliación docente que excede a amplitude deste texto, pero coa premisa de que ningunha avaliación da calidade da educación debe basearse só na puntuación obtida polo alumnado, senón que debe ter en conta toda unha serie de factores relacionado co contorno escolar e didáctico, como por exemplo a capacidade do alumnado, as circunstancias socioeconómicas, os recursos financeiros e pedagóxicos, as instalacións, a administración escolar, o tamaño das aulas, o modelo de organización dos centros...

E sobre todo, unha avaliación ao servizo da mellora da educación acorde co modelo educativo que vimos defendendo de sempre desde o STEG, radicalmente oposto ao aquí descrito, e co obxectivo prioritario de promover a equidade social como resposta ética ao principio de competitividade.

CONCURSO DE TRASLADOS As seccións bilingües e o galego

Seccións bilingües

O STEG foi o único sindicato que se opuxo a esta coladeira.

Unha das novidades máis salientables do concurso de traslados 2008/2009 é que por 1ª vez se vai poder concursar a prazas de sección bilingüe. Na Mesa Sectorial na que se trataron as ordes do concurso, o STEG foi o único sindicato que se opuxo a esta decisión.

Expliquemos por que:

As seccións bilingües, reguladas pola orde do 18 de abril de 2007 (DOG, do 7 de maio), pretenden reforzar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira mediante a incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación nunha área. É dicir, unha área impártese en galego/castelán segundo corresponda e nunha lingua estranxeira, por exemplo en inglés. Para crear unha sección bilingüe, o centro ten que comprometerse a mantela durante toda a etapa e o profesorado que forma parte do proxecto, a impartila un mínimo de dous anos.

Na orde especificase que as vacantes que se produzan nas áreas dunha sección bilingüe serán cubertas por profesorado coa debida competencia lingüística, pero non se aclara o mecanismo polo que se cubrirán ditas vacantes. Agora a Consellaría pretende que se cubran mediante o concurso xeral de traslados.

Que consecuencias pode traer isto?

Verémolo claramente cun exemplo. Nun CEIP do centro dunha cidade (caso real) hai unha sección bilingüe de Ed. Plástica en 3º de primaria. Se a persoa que ocupa esa praza cambia de destino, xera unha resulta de EP que para cubrir por CXT normal necesitaríanse como mínimo 70 puntos, mentres que ao ser sección bilingüe facilmente se pode conseguir con moitísimos menos. A persoa que accede a esa praza (calquera que teña o nivel intermedio de EOI no idioma correspondente) só ten a obriga de participar na sección bilingüe 2 anos. A partir de aí pode deixala. O caso é que se colocou (tamén se podería dicir colou) nunha vacante definitiva de EP no centro da cidade con 10 puntos, conculcando os dereitos de moitas persoas que solicitaban esa praza. O mesmo exemplo e é aplicable para calquera praza catalogada como sección bilingüe nun IES.

Ante esta circunstancia, desde O STEG, solicitámoslle á administración que arbitrara outros medios para cubrir estas prazas. A resposta foi que eramos o único sindicato que facía esta petición.

Galego

Ao alumnado galego non se lle garante a atención educativa na nosa lingua.

Xa vemos que o coñecemento de linguas estranxeiras pode ter os seus privilexios, mais non ocorre o mesmo co galego.

Unha vez máis, o coñecemento da nosa lingua non é requisito para acceder ás prazas que non se imparten obrigatoriamente en galego, polo que seguiremos a ter profesorado, non só que non sabe escribir ou falar en galego...senón que nin tan sequera o entende.

Profesorado especialista en Educación Física ou Educación Musical que chegará a un colexio pequeno do noso rural e ten que coller unha titoría, polo que tamén impartirá Matemáticas, Coñecemento do Medio... en castelán.

Profesorado especialista de AL que a un alumno galego falante con alteracións na linguaxe tamén llas corruxirá... en castelán.

Estes poden ser casos dos máis alarmantes, pero non é menos grave que profesorado de ensino secundario, no transcurso dunha titoría, non entenda ao seu alumnado galego falante.

Esta Administración parece estar máis preocupada de facer campañas mediáticas de marketing e "vender" decretos que non traspasan a barreira do teórico ao non traballar para o seu cumprimento. É que de garantir unha verdadeira calidade educativa.

Desde o STEG seguiremos traballando para conseguir a dignificación social da nosa lingua e por unha verdadeira normalización na sociedade galega. Neste sentido, **esiximos da administración educativa a garantía do dereito, para todo o alumnado galego, de poder ser educado na nosa lingua propia.**

As presións do STEG tiveron a súa recompensa

A nova Orde dos concertos non permite subvencionar centros que segregan alumnado por sexo

A Consellería de Educación vén de publicar a Orde que regula a posibilidade de acceder aos concertos educativos. Nesta nova Orde inclúese a lexislación actual (LOE, Decreto e Orde de Admisión de alumnado) no referente a non discriminación por razón de sexo. Consultada a nosa asesoría xurídica **esta nova redacción supón a imposibilidade de que con cartos públicos se subvencionen os colexios que separen nenos e nenos.**

Unha vez máis as mobilizacións deron o seu froito xa que desde o primeiro momento, despois da denuncia do portal informativo *Vieiros*, o STEG inicia un conxunto de mobilizacións e denuncias para que a Consellería rectifique e anule as subvencións a este tipo de colexios:

Denuncia xudicial e concentración

Iniciada a nosa demanda xudicial e a denuncia pública nos medios de comunicación, o mércores 8 de novembro ás 11:30 concentrámonos as delegadas e os delegados do STEG diante da Consellería de Educación baixo o lema "Por unha sociedade non sexista: eduquemos en igualdade. Non á segregación, si á coeducación".

Entrevistas coa Conselleira e cos portavoces dos grupos parlamentares

Na entrevista solicitada coa **Conselleira** fomos recibidos a principios de decembro pola Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Nesta reunión a Directora Xeral afirmou que a súa intención era retiralos pero mostrouse pesimista sobre a posibilidade

legal de facelo. Aínda estaba en estudo da súa asesoría xurídica, mais non confiaba nun informe favorábel á retirada. Engadiu outras dificultades como falta de prazas nalgúns zonas educativas para escolarización de alumnado, escusa inaceptábel e rexeitada polo STEG esixindo a creación de prazas públicas. Ao remate afirmamos que manteríamos a nosa campaña de denuncia mentres non mudasen de postura. Tamén que retirariamos a denuncia e a nosa campaña cando se deixase de desviar diñeiro público a estes centros privados.

Posteriormente, o Secretario Xeral de Educación, ante a nosa pregunta-denuncia na mesa sectorial do 4 de decembro, sorprende coa seguinte resposta: na convocatoria dos novos concertos retiraranse os concertos aos centros que separen por razón de sexo

Finalmente entrevistámonos cos grupos parlamentarios (decembro) fomos recibidos primeiramente polos grupos do **PSOE e do PP** e sorprende a resposta de Guillermo Meijón (PSOE), en contra da liña da Directora Xeral, afirmando que na renovación dos concertos de 2009 non se concertarían aqueles que segregaran por sexo. Por parte do PP, aínda estando a favor da "educación mixta", non presionará ao goberno no Parlamento, para a retirada dos concertos.

O Grupo parlamentar do **BNG** comprometeuse a instar no mes de xaneiro (data na que vencían os concertos actuais), á Consellería de Educación para que na nova Orde se imposibiliten os concertos a estes



centros. Nesa reunión solicitamos que se recollese na nova Orde a imposibilidade da trampa de non segregar na admisión e facelo logo nas aulas.

É obvio que as mobilizacións e presións realizadas polo STEG xunto coas máis de 1000 sinaturas da nosa campaña foron un acicate para que a Consellería fose mudando a súa postura. Agardamos o paso das palabras a feitos e que deixemos de despilfarrar os cartos públicos para políticas educativas contrarias á coeducación. O STEG, tal e como se comprometeu, retirará a demanda xudicial e felicita a todas as persoas que fixeron posíbel a nosa campaña e á Administración, por este cambio.

A demanda xudicial, as mobilizacións e as máis de mil sinaturas da nosa campaña empuxaron este cambio de postura da Administración

O STEG esíxello á Consellería de Educación

Retirada de oficio de toda a simboloxía relixiosa dos centros educativos

Conseguir o obxectivo dun ensino laico forma parte dos principios ideolóxicos do STEG desde a súa fundación e das súas actuacións nestes últimos anos. Traballo pasado e presente do STEG que continuaremos ata a consecución dunha escola tolerante coas distintas sensibilidade sociais, obxectivo imprescindíbel nunha sociedade plenamente democrática. Só desde o laicismo podemos ter a seguranza de que ningunha creenza posúe un valor superior a outra e, só desde el, podemos achegarnos á realización do valor da igualdade.

Con este horizonte como fin, o STEG esixe (rexistrando o 27 de novembro na Consellería e esixindo o 4 de decembro na mesa sectorial), unha vez máis,

á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a retirada de oficio de toda a simboloxía relixiosa dos centros de ensino de Galiza.

Desde o STEG consideramos, en contra da opinión da Conselleira, que esta **non é unha decisión que deba recaer sobre os Consellos Escolares dos centros educativos**. As funcións dos Consellos escolares non pertence a toma deste tipo de decisións, así pois, **trasladala a este órgano aludindo á autonomía dos centros é unha falacia e un intento de inhibirse das súas obrigas**. Así pois, vemos necesaria por tanto unha actuación firme para o cumprimento da Constitución por parte da Consellería de Educación.

O STEG, por outra banda, rexeita as interpretacións subxectivas e interesadas dos responsábeis eclesiásticos por xerar polémica onde non existe e inventarse unha inexistente *caza de bruxas á inversa*. A realidade é, máis ben a contraria: a Igrexa católica continúa a ter un trato de favor por parte do Estado español inxustificábel nunha sociedade plural e democrática.

Esta inxustificábel posición de privilexio da igrexa católica é preciso revisala polo que será precisa unha segunda transición relixiosa e, mentres non chega, os poderes políticos teñen que acatar as sentenzas xudiciais que indican o correcto sentido do texto Constitucional.

RETRIBUCIÓNS 2009

Remata o acordo retributivo

En xaneiro do presente ano remata a aplicación do acordo asinado en maio de 2006 pola Consellaría de Educación e todas as organizacións sindicais. Este acordo, que supuxo unha suba de 150 € para todo o profesorado galego, tiña por obxectivo colocarnos nos primeiros postos, en canto a salarios do profesorado, dos distintos territorios do Estado. Mesmo a Conselleira, na rolda de prensa posterior á sinatura, declarou que no 2009 pasaríamos a ocupar o 6º posto.

Feita a comparativa do 2009, a realidade non é exactamente a prevista. Na actualidade somos os quintos... pero por abaixo. Se ben é certo que as distancias reducíronse con varias CCAA, seguimos a estar no vagón de cola e **lonxe da media estatal: máis de 100€ mensuais de diferenza!**

negociación é de esperar que en pouco tempo baixemos máis postos e que as diferenzas aumenten.

Visto isto e dado que no punto 8º do acordo do 2006 se recolle que:

"A Consellería de Educación analizará anualmente as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias en todo o Estado e, se resultase unha modificación apreciable da posición relativa acadada co presente acordo nas retribucións dos funcionarios docentes da nosa comunidade no conxunto do Estado, abrirá un novo proceso de negociación das súas retribucións."

Desde o STEG emprazamos á Consellaría a facer esa análise e a abrir un novo proceso de negociación.

Incremento na nómina 2009

- suba do 2%
- 25 € por mor do acordo do 2006
- 30 € en concepto de "titoría e outras función docentes"
- na paga extraordinaria de xuño cobraranse os 2/3 do complemento específico e na de decembro o 100%